

caixanova



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL




A Ruta do Xabriña, transcorre polas parroquias de Paraños, Prado da Canda e A Lamosa, situadas no alto val que forma este río, afluente do Tea. O principal punto de partida está en Paraños, pero tamén se pode comenzar en moitos outros lugares: A Lamosa (N-120), Prado de Canda ou Corzós (na estrada da Franqueira). Dende Paraños, seguindo o curso do Xabriña, tamén se pode enlazar coa ruta dos muiños de Mouriscados.

O percorrido total de máis de 17 Km. ten como principal protagonista o río Xabriña e os seus afluentes. Presenta pouco desnivel xa que ascende suavemente dende Paraños, no curso medio do río, ata as altas terras da Canda.

A súa estrutura é circular, conformada por dous grandes aneis que teñen o seu punto de encontro na fermosa ponte Folón. O primeiro anel, dende Paraños ata a ponte, ten como protagonista principal o río Xabriña, as fragas e a abondosa vexetación de ribeira. O segundo anel, que pasa por Prado e A Lamosa, vainos permitir coñecer históricos camiños, unha boa arquitectura rural así como a actividade dos cereiros, xa desaparecida.

O camiñante pode facer a ruta completa, calques destas dúas alternativas, ou planificar diversas combinacións en función do seu interese.

A Ruta combina con perfección os valores naturais co rico patrimonio etnográfico das tres



parroquias: as fermosas ribeiras do río e a súa vexetación, fragas, prados, levadas, pontes e pasos, velllos camiños, fontes e lavadoiros, petos de ánimas, cruces e cruceiros, forxas, eiras e lagares da cera ... e os muiños, que podemos atopar en calquera recanto dos ríos.

Unha perfecta concunciñón entre os valores naturais e a sabia intervención do home durante séculos.

1 OS CEREIROS

A Ruta do Xabriña vainos permitir coñecer un poco mais desta profesión desaparecida nas parroquias a mediados do século XX. Un achegamento aos traballo dos cereiros témolos na visita aos lagares onde se elaboraba a cera, e ás eiras, onde se poñía a corar.



En Paraños, atopamos un lagar restaurado a carón de duas eiras; unha delas formando parte da estructura dunha casa. En A Lamosa atopamos as ruínas dun lagar e ata seis eiras da cera.

2 OS MUIÑOS

Mais de trinta muiños espallados ao longo deste treito do río Xabriña e dos regueiros que van parar a él. Vérmolos con distintas formas de cubo, de boa mampostería e de probe cachotería; con unha ou duas moegas, grandes e pequenos, esborrallados ou restaurados e recuperados.



Supoñen a mostra mais destacada de toda unha economía rural vincellada ao millo e foron básicos para poderen sobrevivir en tempos duros os veciños das aldeas. Representan un dos grandes atractivos para botármonos a camiñar e descubrilos.

3 AS PONTES

A ponte más representativa de toda a Ruta é a ponte Folón entre Prado e A Lamosa, por onde pasa un histórico camiño; pero hai moitas outras e tamén pontellas e pasos, nos que hai que ir choutando de pedra en pedra. Hoxe algunas pontes están reconstruidas en formigón debido a que es anchentas do río levaron as vellas pedras.



Camiños históricos, velllos camiños carreteiros ou sinxelas congostras, todo un entramado de vias onde pasaban moito tempo os nosos antergos, hoxe vérmolos esquecidos e solitarios.

4 OS PETOS

Entre os numerosos petos de ánimas, destaca o que está situado na Aldea de Baixo (Prado da Canda), que forma parte dun fermo recuncho que atravesa o río Azal. Por aquí pasa un histórico camiño de arrieiros, a verea, que enlazaba os terras do Condado co Ribeiro.



En Prado da Canda aida atoparemos dous petos de ánimas mais. Na parroquia de A Lamosa hai cinco e na de Paraños catro. Tamén cómpre destacar o cruceiro de Paraños, construído no ano 1789 que tamén ten un peto aos pés.

5 AS VISTAS

Os Cotos da Bouza (688 m.), formados por caprichosos bolos de granito, situados entre Prado e os altos da Canda, representan o punto máis alto da Ruta e un excelente miradoiro da parte superior do val do río Xabriña; así como dos montes que o circundan como o Montouto (949 m.), e outros máis lonxanos como a serra do Sudo o Monte Maior ou O Galleiro.



Outros moitos lugares esparexidos por toda a Ruta tamén nos van permitir admirar as fermosas paisaxes deste lugar.

6 OS CAMIÑOS



Camiños históricos, velllos camiños carreteiros ou sinxelas congostras, todo un entramado de vias onde pasaban moito tempo os nosos antergos, hoxe vérmolos esquecidos e solitarios.

Os carballos e os camiños forman un conxunto inseparable que atoparemos en moitos treitos desta ruta ou a pouco que, pola nosa conta, nos arredemos dela.

7 FRAGAS E CARBALLEIRAS

Os carballos, asociados a outras especies como loureiros, acívros, ainda manteñen relativa importancia no alto val do río Xabriña, especialmente nas zona coñecida como As Chozas. A isto debemos engadirlle unha importante vexetación de ribeira que acompaña ao río, formada sobre todo por aveleiras, amieiros, salgueiros,...



8 A FAUNA

O humilde e, cada vez mais escaso "cabaliño do demo", non é a especie que máis presenza ten neste espacio natural, nin tampouco a esquila lontra ou o ameazado lobo, pero representan unha mostra da variedade de fauna que nos podemos atopar pola beira do Rio ou polas corredoiras, e mostrárnos a pureza e o bo estado de conservación dos hábitats que conforman esta Ruta.



9 O RÍO

Columna vertebral da ruta, o río Xabriña e os regueiros que van ter a él e que, xuntos conforman o val, son os grandes protagonistas que nos acompañan neste fermoso paseo pola natureza covelese.

Abrolla no alto da serra da Canda, e vai descendendo monte abaxo e regando as terras de antigos prados e multitude de veigas de millo que hoxe só perduran na memoria das persoasmaiores de A Lamosa, Prado de Canda, Paraños, Mouriscados, Meirol ou Queimadelos.

PLANO DE SITUACIÓN



TELÉFONOS DE INTERESE

Información, suxestións, visitas

664 244 722

Comunidade de Montes de Paraños

986 645 768

Concello de Covelo

986 650 027

Centro de Saude de Covelo

986 650 022

Guardia Civil de Covelo

986 650 003

Restaurante Parrillada La Pradera-Paraños

986 650 042

Casa Serafín-Paraños

986 650 096

Bar O Cuartel-A Lamosa

986 645 863

Albergue Alentea (Turismo Rural) Barcia de Mera

986 668 134

Rectoral de Fofe (Turismo Rural) Fofe

986 668 750

Lugar dos Devas (Turismo Rural) Godóns


986 668 551

Ruta do Xabriña



Longitude total: 17 quilómetros
Desnivel positivo: 495 metros
Desnivel negativo: 495 metros
Tempo aproximado: 6 horas
Dificultade: Fácil

PR-G
119



SINAIS VIARIOS

- continuidade de sendeiro
- cambio de dirección
- dirección errónea
- PR-G 119
- Ruta do Xabriña
- frecha

distancia (kms)



SÍMBOLOXIA

- Muiño
- Cruceiro
- Fervenza
- Fraga
- Área recreativa
- Miradoiro
- Ponte, pontillón
- Peto de ánimas
- Igrexa, capela
- Arquitectura popular
- Fonte
- Lagar da cera
- Eira da cera
- Bar/Restaurante